

## **ADDENDA AO CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DO CORPO DA POLICÍA LOCAL ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E O CONCELLO DE VIGO**

A Estrada, na data da sinatura dixital

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e presidente do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública, actuando en nome e representación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude das competencias que ten atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, no Decreto 136/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e no artigo 8 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública e no artigo 2.2. do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de Policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local.

Doutra, Abel Ramón Caballero Álvarez, alcalde do Concello de Vigo, actuando en nome e representación deste en virtude das competencias que ten atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Recoñecéndose ambas as dúas partes con capacidade e representación legal suficiente para o outorgamento desta addenda,

### **EXPOÑEN:**



1. Con data 30.05.2022 a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (actual Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e o Concello de Vigo asinaron un convenio de colaboración para a asunción pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías do Corpo da Policía Local.

A cláusula oitava do dito convenio prevía que o mesmo tivese unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse de forma expresa por outro período de igual duración (4 anos) de común acordo polas partes.

2. Con data 5 de marzo de 2026, o Concello de Vigo interesa á Academia Galega de Seguridade Pública a prórroga do dito convenio para seguir contando coa asunción por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías do Corpo da Policía Local.
3. Co fin de estudar a proposta do Concello de Vigo, con data 19 de maio de 2026 reúnese a comisión de seguimento do convenio prevista na cláusula sétima, integrada por dous representantes do Concello de Vigo e dous representantes da Academia Galega de Seguridade Pública, e propuxo a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 30/05/2022 entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (actual Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e o Concello de Vigo para a asunción pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías do Corpo da Policía Local.

As partes reunidas

## ACORDAN

### PRIMEIRO. Vixencia do convenio

Modifícase o prazo establecido na cláusula oitava do convenio, previo acordo escrito das partes, ata completar un período adicional de catro anos máis desde a data de sinatura desta addenda.



## SEGUNDO. Publicidade

1. En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da devandita subscrición cos seguintes datos básicos:
  - a. Identificación das partes que interveñen
  - b. Importe do financiamento
  - c. Data da sinatura
  - d. Finalidade
  - e. Período de vixencia
2. A sinatura desta addenda implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e publicidade referida no número anterior.

As partes asinantes desta addenda manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións que contén, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

En proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente documento, no lugar e na data arriba indicados.

O conselleiro de Presidencia,  
Xustiza e Deportes e presidente do  
Consello Reitor da Academia  
Galega de Seguridade Pública

Diego Calvo Pouso

O alcalde do Concello de Vigo

Abel Ramón Caballero Álvarez

